

USO DO INFINITIVO CONXUGADO.

NON PODE USARSE INFINITIVO CONXUGADO NOS SEGUINTE CASOS:

- a) **Perífrase verbal (Auxiliar + *INF).**
Non pode usarse cando o INF é o v. auxiliado nunha perífrase verbal: Temos que *marchar* xa. Non se podería conxugar *marchar*.
- b) **Verbos modais (querer, poder, deber) + *INF.**
Non pode usarse cando antes do infinitivo vai un verbo modal e ten o seu mesmo suxeito:
Podemos (nós) facelo (nós) ben. Non se podería conxugar facer.
- c) **Verbos causativos¹ (mandar, facer, deixar e sinónimos) + *INF.**
Non pode usarse cando antes do infinitivo vai un verbo causativo.
Cf. nota: *Deixas pasar as horas e non acabas o traballo. Non se podería conxugar pasar.*
- d) **Verbos de sentido² (ver, oír, tocar, sentir...) + *INF.**
Oes chorar a rapaza e non che importa. Non se podería conxugar chorar.
- e) **Sux. v. principal = Sux. do inf.**
Non pode conxugarse o infinitivo cando ten o mesmo suxeito que o verbo principal.
Non vos esquezades (vós) de cerrar (vós) a porta.

Neste último caso pode haber **EXCEPCIÓNS**. Aínda que o suxeito do verbo principal sexa igual que o suxeito do infinitivo, pode conxugarse nestes dous casos:

1. Cambio de ORDE: INF + V. principal; (SUX_{inf}=SUX_{vp}).

Cando, tendo o mesmo suxeito, o infinitivo vai antes do v. principal:
Ó saíres da casa pecha a porta.

2. Distancia: V. principal + (distancia) + INF ; (SUX_{inf}=SUX_{vp}).

Cando, tendo o mesmo suxeito, existe suficiente distancia entre o verbo principal e o infinitivo:
Marchamos (nós) deste país, que tan ben nos tratou, para voltarmos (nós) ó noso.

No resto dos casos, pode usarse o infinitivo conxugado

¹ **Verbos causativos.** Equivalen a "provocou que", "causou". P.e.

Pedro mandou saír a Luís → Pedro provocou que Luís saíse → P. causou a saída de Luís.
Pedro fixo saír a Luís → Pedro provocou que Luís saíse → P. causou a saída de Luís.
Pedro deixou saír a Luís → Pedro provocou que Luís saíse → P. causou a saída de Luís.

² **Verbos de sentido.** Son os verbos relacionados cos sentidos: sentir, oír, ver, escoitar, ulir, tocar, etc.
P.e. Sentino xogar / Oíno xogar / Vino xogar → O infinitivo (xogar) non podería conxugarse